

Produto Interior Bruto Municipal. Ano 2012

RESUMO DE RESULTADOS

O Instituto Galego de Estatística publica o Produto Interior Bruto por concellos e comarcas do ano 2012 xunto co paso a definitivo dos datos de 2010.

O 45% do Produto Interior Bruto de Galicia (PIB) concéntrase nos sete grandes concellos de Galicia.

Vigo é o concello cun maior PIB, seguido da Coruña. Por comarcas, Coruña supera a Vigo e entre ambas comarcas concentran o 36% da actividade económica en Galicia.

Os concellos cun maior PIB por habitante de Galicia son Muras, Carballeda de Valdeorras e As Pontes de García Rodríguez.

Esta estatística identifica e cuantifica os sectores económicos nos que as comarcas están especializadas en termos relativos con respecto a Galicia e ofrece información da evolución do nivel de actividade económica entre 2010 e 2012 para concellos, comarcas e provincias.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica os datos do Produto Interior Bruto por concellos para o ano 2012 e revisa (convertendo en definitivos) os datos de 2010. Nesta publicación achégase información da estrutura produtiva das 53 comarcas e das catro provincias galegas cunha desagregación de 12 sectores produtivos. Trátase dunha información coherente co Sistema de Contas Económicas de Galicia que afonda na dimensión territorial do sistema, e que cobre así unha das eivas da información estatística de síntese, xa que proporciona variables macroeconómicas infrarrexionais.

Esta operación difúndese en **base 2008**. De feito, é a derradeira operación estrutural do Sistema de Contas Económicas de Galicia difundida nesta base. No ano 2015 difundiranse os primeiros datos do PIB municipal na base 2010, acorde co novo Sistema de Contas Económicas (SEC-2010).

O PIB é unha macromagnitude económica que resume o volume de actividade produtiva nun espazo económico nun período de tempo determinado. É o resultado dos procesos de produción de diversos axentes que operan en cada concello (empresas, fogares,

administracións públicas, etc) producindo bens e servizos finais. O PIB vai depender do emprazamento das unidades produtivas nun concello pero o desenvolvemento da súa actividade pode non ter reflexo claro na renda dos fogares.

Nesta operación estatística analízase a participación de cada concello na xeración de valor engadido en Galicia e afóndase na descrición da estrutura produtiva das 53 comarcas galegas. Isto permite coñecer como se distribúe o valor engadido dun sector no territorio e identificar e cuantificar os patróns de especialización sectorial de cada comarca.

DATOS POR CONCELLO

O 24,4% do Produto Interior Bruto de Galicia concéntrase nos concellos de Vigo e A Coruña

Vigo é o concello galego cun maior Produto Interior Bruto, 7.058 millóns de euros, seguido da Coruña cun PIB de 6.184 millóns de euros. Nestes dous concellos xérase unha cuarta parte do valor engadido de Galicia. En ambos concellos, con respecto ao 2010, rexístranse caídas do PIB, se ben máis intensas no concello de Vigo (-5,7%) que no da Coruña (-2,5%)

Produto Interior Bruto. Principais concellos

Datos de PIB en millóns de euros

Concello	Produto Interior Bruto 2012	Variación (%) con respecto a 2010
Vigo	7.058	-5,7
A Coruña	6.184	-2,5
Santiago de Compostela	3.405	-7,1
Ourense	2.235	-3,6
Lugo	2.146	-3,3
Arteixo	2.044	-0,2
Pontevedra	1.802	-2,8
Ferrol	1.395	-9,5
As Pontes de García Rodríguez	933	69,5
O Porriño	766	-8,5

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal. Base 2008*

As sete grandes cidades achegan o 45% do PIB de Galicia e ocupan sete dos oito primeiros lugares. Só Arteixo, cun PIB de 2.044 millóns de euros aparece por diante de Pontevedra e Ferrol. Nas sete grandes cidades a variación con respecto a 2010 foi negativa.

No ano 2012 aparece entre os principais concellos de Galicia en termos de actividade xerada o concello das Pontes de García Rodríguez, cun PIB que ascende a 933 millóns de euros, e un incremento respecto a 2010 do 69,5%. Este incremento está estreitamente relacionado coa actividade da xeración de enerxía eléctrica, xa que a central térmica emprazada neste concello duplicou a súa produción con respecto ao 2010.

A evolución da xeración de enerxía eléctrica está entre as principais causas das variacións relativas máis relevantes no período 2010-2012. Cómpre ter en conta que a produción de enerxía eléctrica en Galicia rexistrou un lixeiro ascenso dende 2010, pero as orixes desta enerxía teñen mudado de forma relevante: a hidroeléctrica pasou de representar o 35% da produción neta de enerxía en 2010 a un 15% en 2012. Esta perda de peso absorbeuna a xeración de enerxía de orixe térmico. O cambio na estrutura da produción de enerxía ten o seu reflexo na actividade económica (isto é, no PIB) dos concellos nos que se emprazan as centrais térmicas e hidroeléctricas.

Muras e Carballeda de Valdeorras son os concellos cun maior PIB por habitante

Se utilizamos o indicador do PIB por habitante a situación muda. Nos primeiros postos aparecen concellos de poboación reducida, xa que de entre os dez concellos con maior PIB por habitante só tres deles superan os 10.000 habitantes (Arteixo, As Pontes e O Porriño).

PIB por habitante. Principais concellos. Ano 2012

Datos de PIB por habitante en euros

Concello	PIB por habitante	Poboación
Muras	103.890	790
Carballeda de Valdeorras	100.717	1.754
As Pontes de García Rodríguez	85.804	10.875
San Cibrao das Viñas	78.376	4.812
As Somozas	67.683	1.323
Arteixo	65.574	31.171
Cerceda	64.988	5.298
Cervo	63.505	4.466
Rábade	48.275	1.676
O Porriño	41.858	18.304

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal. Base 2008;*
IGE. *Cifras poboacionais de referencia*


Estes concellos presentan outras características que podemos resumir en tres tipos:

- Concellos que teñen un tecido industrial moi consolidado, están próximos a grandes núcleos e teñen acceso a vías de comunicación de alta capacidade: San Cibrao das Viñas, Rábade ou O Porriño, estarían neste grupo.
- Concellos nos que se emprazou un grupo empresarial: é o caso de Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Cerceda, Cervo ou As Somozas. Nos casos de Cerceda e As Pontes, o sector enerxético é primordial.
- Concellos nos que se xera un valor engadido moi elevado pola explotación dun recurso natural –a enerxía hidráulica ou eólica fundamentalmente- como ocorre nos casos de Carballeda de Valdeorras ou Muras.

O PIB por habitante é superior á media de Galicia en 41 concellos

En 41 concellos o PIB por habitante supera os 19.599 euros nos que se sitúa a media de Galicia. Catorce son da provincia da Coruña, trece de Lugo, sete de Ourense e sete da provincia de Pontevedra. No seguinte mapa represéntase o índice do PIB municipal por habitante Galicia con respecto á media galega:

Índice do PIB por habitante (Galicia=100). Ano 2012



DATOS POR COMARCA

O PIB da comarca da Coruña foi de 10.276 millóns de euros en 2012, isto é, nesta comarca xerouse o 18,9% da actividade produtiva de Galicia. Na de Vigo o PIB ascendeu a 9.444 millóns de euros, o que representa o 17,4% do total.

As seguintes, en orden de magnitude, son as de Santiago, Ourense, Ferrol, Lugo e Pontevedra. Estas sete comarcas achegan o 64,2% do PIB total de Galicia.

Produto Interior Bruto. Principais comarcas

Datos de PIB en millóns de euros

Concello	Produto Interior Bruto 2012	Achega ao PIB de Galicia (%)	Variación (%) con respecto a 2010
A Coruña	10.276	18,9	-1,9
Vigo	9.444	17,4	-6,0
Santiago	4.257	7,9	-7,6
Ourense	3.193	5,9	-5,9
Ferrol	2.715	5,0	-7,8
Lugo	2.583	4,8	-2,9
Pontevedra	2.355	4,3	-3,1
O Salnés	1.826	3,4	-5,9
Eume	1.142	2,1	45,0
Barbanza	1.123	2,1	3,8

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal. Base 2008*

Porén, ao igual que pasaba no caso dos concellos, se falamos de PIB por habitante a situación das comarcas é diferente. A comarca do Eume presenta un PIB por habitante de 44.215 euros, é dicir un 126% superior á media de Galicia. A Mariña Occidental rexistra a segunda cifra de PIB por habitante superando os 30.000 euros por habitante. As comarcas da Coruña e Santiago superan os 25.000 euros.

Se falamos das comarcas con menor actividade por habitante temos que resaltar tres situadas no sur de Galicia: Baixa Limia, A Paradanta e Terra de Celanova. Ningunha delas chega aos 10.000 euros por habitante.

Comarcas con maior e menor PIB por habitante

Datos de PIB en euros

Comarca	PIB por habitante	Comarca	PIB por habitante
Eume	44.215	A Barcala	12.236
A Mariña Occidental	30.338	O Carballiño	12.223
A Coruña	26.017	O Ribeiro	11.965
Santiago	25.871	Tabeirós-Terra de Monte	11.952
Vigo	22.553	Os Ancares	11.645
Ourense	22.298	O Condado	10.991
Ordes	22.041	Muros	10.870
Lugo	21.594	Terra de Celanova	9.604
Terra de Trives	20.445	A Paradanta	9.003
Valdeorras	20.066	Baixa Limia	8.640

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto municipal. Base 2008; IGE. Cifras poboacionais de referencia*

Especialización produtiva por comarca

As estimacións publicadas polo IGE permiten construír uns índices de especialización relativa, que comparan a estrutura produtiva de cada comarca coa estrutura produtiva de Galicia, identificando aqueles sectores máis predominantes, en termos relativos, nas comarcas galegas¹. Vinte e dúas comarcas teñen especialización produtiva no sector primario (agricultura, gandería, pesca e silvicultura) e seis comarcas teñen especialización produtiva no sector enerxético (Eume, Ordes, O Ribeiro, Terra de Trives, Viana e A Paradanta). Esta especialización produtiva mudou con respecto a 2010, ano no que eran once as comarcas especializadas na enerxía. A razón desta variación está de novo no cambio na estrutura da produción de enerxía eléctrica.


A presenza industrial é sobranceira en varias comarcas:

- Especialización produtiva no sector da extracción e fabricación doutros minerais non metálicos: comarcas de Ortegá, A Fonsagrada, Quiroga, Sarria, Terras de Celanova, Valdeorras e O Baixo Miño. O 39% do valor engadido galego deste sector xérase nestas comarcas.

¹ O índice calcúlase para cada comarca e sector como o cociente entre o peso do VEB do sector na comarca e o peso do VEB do sector na economía galega. En cada comarca defínese o sector de especialización como aquel que presenta o maior valor dos índices anteriores.

- Especialización produtiva no sector da madeira (inclúe industria da madeira, do papel e fabricación de mobles): comarcas de Betanzos, O Sar, Lugo, Pontevedra e Tabeirós-Terra de Montes. Estas cinco comarcas achegan o 29% do valor engadido do sector da madeira.
- Especialización produtiva no sector industrial agroalimentario: comarcas do Barbanza, Caldas e O Condado.
- Especialización produtiva no sector de fabricación de material de transporte e grandes reparacións (inclúe a fabricación de automóviles e a construción naval, entre outras): comarcas de Vigo, o Morrazo e Ferrol. O 79% do valor engadido deste sector xérase nestas comarcas.

Sector de especialización da comarca. Ano 2012




Evolución do PIB por comarca

Oito das comarcas galegas rexistran crecemento en termos nominais no período 2010-2012. Na comarca do Eume e de Ordes, que presentan a mellor evolución, o sector enerxético é a chave do comportamento positivo do PIB. Outras comarcas que rexistran crecemento positivo son: A Barcala, o Barbanza (no que destaca a evolución da industria agroalimentaria), O Sar (cun comportamento da industria moi positivo), A Mariña Occidental (con crecements relevantes en industria e enerxía), a Ulloa e Viana.

No extremo oposto temos 33 comarcas que rexistraron un crecemento inferior á media galega neste período (-4,1%). A evolución, especialmente negativa, das comarcas de Chantada, Terra de Trives e a Baixa Limia teñen a súa explicación no descenso da produción eléctrica de orixe hidráulica. Cómpre resaltar que ningunha comarca da provincia de Pontevedra tivo taxas de crecemento positivas no período.

Taxa de variación (%) do PIB entre 2010 e 2012



As comarcas das sete grandes urbes galegas rexistran crecementos negativos no período. Porén, tanto a intensidade da caída do PIB como a distribución por sectores deste descenso no nivel de actividade é diferente. Neste sentido, destaca o comportamento da industria nas comarcas de Pontevedra, Vigo e Ferrol; e da construción nas comarcas de Lugo, Coruña, Ourense e Santiago.

DATOS POR PROVINCIA

Nas provincias da Coruña e Pontevedra xérase máis do 77% da produción final de Galicia

Por agregación dos datos municipais obtéñense os datos provinciais. A provincia da Coruña é a responsable do 45,1% da produción final e ten un PIB por habitante superior nun 9,5% á media de Galicia. A provincia da Coruña incrementou a súa importancia no conxunto galego como resultado dunha mellor evolución (aínda que con decrecemento) que o conxunto da rexión. A principal razón deste comportamento atopámolo no sector enerxético, que experimentou un crecemento na provincia da Coruña do 48% en termos correntes.

A achega de Pontevedra supera os 17.400 millóns de euros, pero o PIB por habitante é inferior ao de Galicia. Ourense achega só o 10,5% da xeración de valor na nosa comunidade e é a provincia cun PIB por habitante inferior. Ademais, é tamén a provincia na que o PIB decreceu máis entre 2010 e 2012.

Datos provinciais

PIB en millóns de euros; PIB por habitante en euros

Provincia	Produto Interior Bruto 2012	Achega ao PIB de Galicia (%)	Variación (%) con respecto a 2010	Produto Interior Bruto por habitante	Sobre a media galega
A Coruña	24.468	45,1	-1,7	21.465	109,5
Lugo	6.648	12,3	-5,4	19.200	98,0
Ourense	5.676	10,5	-7,5	17.369	88,6
Pontevedra	17.440	32,2	-5,6	18.279	93,3
Galicia	54.233	100	-4,1	19.599	100

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal. Base 2008; IGE. Cifras poboacionais de referencia*

Por grandes sectores económicos, destaca o elevado peso do sector primario en Lugo, no que chega un 10,9% do PIB total, cifra que representa máis do dobre do peso do sector en Galicia. A industria na provincia de Pontevedra e en Ourense presentan un peso superior á media da comunidade, e na provincia da Coruña destaca o sector servizos, cunha contribución ao PIB provincial superior (1,5 puntos) á media galega.

Estrutura produtiva provincial. Ano 2012

Datos en porcentaxes sobre o PIB provincial

Provincia	Primario	Industria	Construción	Servizos	Impostos netos	TOTAL
A Coruña	3,3	16,7	9,7	61,0	9,3	100
Lugo	10,9	15,6	9,7	54,6	9,3	100
Ourense	4,7	19,2	10,1	56,7	9,3	100
Pontevedra	3,0	17,6	9,8	60,2	9,3	100
Galicia	4,3	17,1	9,8	59,5	9,3	100

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal. Base 2008*

ANEXO
PIB e PIB por habitante e especialización produtiva relativa

PIB en millóns de euros / PIB por habitante en euros

Comarca	PIB 2012	Var (%) 2010-2012	PIB por habitante 2012	Sector no que está especializado (en termos comparativos á economía galega)
Provincia de A Coruña				
Arzúa	244	-1,7	14.084	Primario
Barbanza	1.123	3,8	16.548	Industria agroalimentaria
A Barcala	138	4,9	12.236	Primario
Bergantiños	877	-6,1	12.582	Primario
Betanzos	643	-4,5	16.287	Madeira, papel e mobles
A Coruña	10.276	-1,9	26.017	Resto da industria
Eume	1.142	45,0	44.215	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Ferrol	2.715	-7,8	17.036	Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais
Fisterra	413	-5,9	17.558	Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria
Muros	154	-6,4	10.870	Primario
Noia	441	-1,2	12.627	Primario
Ordes	851	14,7	22.041	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Ortega	191	-3,3	13.729	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Santiago	4.257	-7,6	25.871	AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos
O Sar	334	4,5	19.780	Madeira, papel e mobles
Terra de Melide	179	-9,5	13.569	Primario
Terra de Soneira	259	-2,2	13.222	Primario
Xallas	233	-2,2	15.638	Primario
Provincia de Lugo				
Os Ancares	130	-10,6	11.645	Primario
Chantada	240	-24,4	16.817	Primario
A Fonsagrada	77	-5,9	13.256	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Lugo	2.583	-2,9	21.594	Madeira, papel e mobles
A Mariña Central	541	-7,4	17.660	Primario
A Mariña Occidental	810	0,8	30.338	Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria
A Mariña Oriental	268	-6,9	15.833	Primario
Meira	107	-3,4	19.000	Primario
Quiroga	91	-18,1	15.384	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Sarria	430	-7,2	17.900	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Terra Chá	765	-7,3	17.706	Primario
Terra de Lemos	432	-7,0	13.366	Primario
A Ulloa	174	0,2	17.373	Primario
Provincia de Ourense				
Allariz-Maceda	183	-2,4	12.401	Primario
Baixa Limia	71	-25,3	8.640	Primario
O Carballiño	353	-13,3	12.223	Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria
A Limia	308	-2,7	13.589	Primario
Ourense	3.193	-5,9	22.298	Resto da industria
O Ribeiro	209	-13,7	11.965	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Terra de Caldelas	51	-9,7	14.844	Primario
Terra de Celanova	196	-15,9	9.604	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Terra de Trives	96	-25,3	20.445	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Valdeorras	549	-9,4	20.066	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Verín	347	-2,8	12.321	Primario
Viana	120	1,6	15.813	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Provincia de Pontevedra				
O Baixo Miño	642	-4,8	12.501	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Caldas	477	-5,9	13.556	Industria agroalimentaria
O Condado	473	-4,4	10.991	Industria agroalimentaria
Deza	679	-8,9	15.054	Primario
O Morrazo	1.064	-4,9	12.789	Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais
A Paradanta	148	-4,5	9.003	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Pontevedra	2.355	-3,1	19.318	Madeira, papel e mobles
O Salnés	1.826	-5,9	16.401	Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria
Taboas-Terra de Montes	332	-8,8	11.952	Madeira, papel e mobles
Vigo	9.444	-6,0	22.553	Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais

Fonte: IGE. Produto Interior Bruto Municipal. Base 2008

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Síguenos en Twitter: https://twitter.com/IGE_Estatistica

Síguenos en Facebook: <https://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>